

ACTA N 2020/7

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA

28.02.2020

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.....	2
PUNTO SEGUNDO. ADXUDICACIÓN DO LOTE 3 DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E VIAIS MUNICIPAIS INCLUÍDAS NO POS 2019. 8 LOTES.....	2
PUNTO TERCEIRO. ADXUDICACIÓN DO LOTE 4 DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E VIAIS MUNICIPAIS INCLUÍDAS NO POS 2019. 8 LOTES.....	4
PUNTO CUARTO. ADXUDICACIÓN DO LOTE 6 DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E VIAIS MUNICIPAIS INCLUÍDAS NO POS 2019.8 LOTES.....	5
PUNTO QUINTO. APROBACIÓN PREZO PÚBLICO CURSO HORTA SOSTIBLE.....	7

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2020.

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as doce horas (12:00 h) do día vinte e oito (28) de febreiro de dous mil vinte (2020), reúnese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, Genma Otero Uhía, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Non asisten pero xustifican a súa ausencia, os concelleiros/as José Blas García Piñeiro e Luísa Feijóo Montero.

Asiste a interventora, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa de secretaria a titular da corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da sesión anterior, ordinaria do 20.02.2020, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO. ADXUDICACIÓN DO LOTE 3 DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E VIAIS MUNICIPAIS INCLUÍDAS NO POS 2019. 8 LOTES.

LOTE 3. PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN OUTEIRO.

Expediente: 2019/C003/000009

A Xunta de Goberno local do 01.08.2019, aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, cun único criterio de adxudicación (prezo), dos contratos de obras de pavimentación de camiños e viais municipais, incluídas no POS 2019, 8 lotes, convocando a súa licitación, expediente 2019/C003/000006.

Dentro deses 8 lotes atópase o lote 3, pavimentación de viais en Outeiro.

A Xunta de Goberno local do 30.01.2020, aprobou a clasificación, por orde decrecente de puntuación, das empresas participantes e declaradas admitidas no procedemento de licitación do lote 3 do POS 2019, pavimentación de viais en Outeiro, resultando clasificada en primeiro lugar, a empresa Construcciones Cernadas S.L., con CIF B-15081847.

Na mesma Xunta de Goberno local do 30.01.2020, aprobouse a exclusión do procedemento de licitación de pavimentación de viais en Outeiro, das empresas SYR-AMG SL, Excavaciones Pose SL e Martinez Montes e Hijos SL., por non xustificar as súas ofertas económicas que estaban consideradas como anormalmente baixas.

A empresa clasificada en primeiro lugar, Construcciones Cernadas S.L., foi requirida para a presentación de documentación previa á adxudicación, sendo achegada a mesma no prazo conferido ao efecto, ao través da Plataforma de Contratación do Estado.

A Mesa de contratación na súa reunión do 19.02.2020, valorou positivamente a documentación presentada, propoñendo a Construcciones Cernadas S.L., con CIF B-15081847, para a

adxudicación do lote 3 pavimentación de vias en Outeiro, POS 2019.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (Informe 59/2020).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Adxudicar a realización das obras do lote 3 pavimentación de vias en Outeiro, das obras de pavimentación de camiños e vias municipais incluídas no POS 2019, á empresa **Construccion Cernadas S.L.**, con **CIF B-15081847**, e nas seguintes condicións:

1. **A.- O importe da oferta do dito licitador** ascende á contía de setenta e dous mil cento trinta e tres euros e oitenta e dous euros (**72.133,82 .- €**).
2. **B.- IVE repercutible:** A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de quince mil cento corenta e oito euros e dez céntimos (**15.148,10.- €**).
3. **C.- Duración do contrato:** A duración inicial do contrato será de **6 Meses**, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

D.- Nomear como director facultativo da obra ao arquitecto redactor do proxecto [REDACTED], e como **coordinador de seguridade e saúde** ao técnico superior en prevención de riscos laborais [REDACTED], ambos de Estudio Técnico Gallego SA.

E.- Representante do órgano xestor: [REDACTED], arquitecta técnica do departamento de urbanismo do Concello, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 36 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018).

F.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Terceiro. Notificar aos interesados este acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O acordo pon fin á vía administrativa e pode ser recorrido:

1 Potestativamente en reposición ante o mesmo órgano, no prazo de 1 mes dende a notificación do acordo, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se se opta pola interposición do recurso potestativo de reposición deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que teña recaída resolución en dito prazo entenderase desestimado, e poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación de dita resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

2 Directamente ante a vía contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo, na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso-administrativa (Lei 29/1998, do 13 de xullo).

3 Interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Quinto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO. ADXUDICACIÓN DO LOTE 4 DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E VIAIS MUNICIPAIS INCLUÍDAS NO POS 2019. 8 LOTES.

LOTE 4. PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AO CEMITERIO MUNICIPAL.

Expediente: 2019/C003/000010.

A Xunta de Goberno local do 01.08.2019, aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, cun único criterio de adxudicación (prezo), dos contratos de obras de pavimentación de camiños e viais municipais, incluídas no POS 2019, 8 lotes, convocando a súa licitación, expediente 2019/C003/000006.

Dentro deses 8 lotes atópase o lote 4, pavimentación de accesos ao cemiterio municipal.

A Xunta de Goberno local do 23.01.2020, aprobou a clasificación, por orde decrecente de puntuación, das empresas participantes e declaradas admitidas no procedemento de licitación de pavimentación de accesos ao cemiterio municipal, resultando clasificada en primeiro lugar, a empresa Construcciones J. Mauri e Hijos SL

Na mesma Xunta de Goberno local do 23.01.2020, aprobouse a exclusión do procedemento de licitación de pavimentación de accesos ao cemiterio municipal, da empresa Construcciones Ponciano Nieto SL, NIF:B15293145, por non xustificar as súas ofertas económicas que estaban consideradas como anormalmente baixas.

A empresa clasificada en primeiro lugar, Construcciones J. Mauri e Hijos SL, foi requirida para a presentación de documentación previa á adxudicación, sendo achegada a mesma no prazo conferido ao efecto, ao través da Plataforma de Contratación do Estado.

A Mesa de contratación na súa reunión do 13.02.2020, valorou positivamente a documentación presentada, propoñendo a Construcciones J. Mauri e Hijos SL, con CIF B-15261308, para a adxudicación do lote 4, pavimentación de accesos ao cemiterio municipal, POS 2019.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (Informe 60/2020).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Adxudicar a realización das obras do lote 4- pavimentación de accesos ao cemiterio municipal, das obras de pavimentación de camiños e viais municipais incluídas no POS 2019, á empresa **Construcciones J, Mauri e Hijos SL**, con **CIF B-15261308**, e nas seguintes condicións:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte mil seiscientos trinta e sete euros e noventa e oito céntimos **(20.637,98.- €)**.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de catro mil trescentos trinta e tres euros e noventa e oito céntimos **(4.333,98.- €)**.

C.- Duración do contrato: A duración inicial do contrato será de 6 Meses, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

D- Contratar a unha traballadora desempregada a media xornada durante toda a execución da obra para cumprir coa condición especial contemplada nos PCAP.

E.- Nomear como director facultativo da obra ao arquitecto redactor do proxecto [REDACTED], e como **coordinador de seguridade e saúde** ao técnico superior en prevención de riscos laborais [REDACTED], ambos de Estudio Técnico Gallego SA.

F.- Representante do órgano xestor: [REDACTED], arquitecta técnica do departamento de urbanismo do Concello, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 36 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018).

G.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Terceiro. Notificar aos interesados este acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O acordo pon fin á vía administrativa e pode ser recorrido:

1 Potestativamente en reposición ante o mesmo órgano, no prazo de 1 mes dende a notificación do acordo, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se se opta pola interposición do recurso potestativo de reposición deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que teña recaída resolución en dito prazo entenderase desestimado, e poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación de dita resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

2 Directamente ante a vía contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo, na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso-administrativa (Lei 29/1998, do 13 de xullo).

3 Interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Quinto. Facultar ao alcalde de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO CUARTO. ADXUDICACIÓN DO LOTE 6 DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E VIAIS MUNICIPAIS INCLUÍDAS NO POS 2019.8 LOTES.

LOTE 6. PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE PEDREGAL.

Expediente: 2019/C003/000012.

A Xunta de Goberno local do 01.08.2019, aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, cun único criterio de adxudicación (prezo), dos contratos de obras de pavimentación de camiños e viais municipais, incluídas no POS 2019, 8 lotes, convocando a súa licitación, expediente 2019/C003/000006.

Dentro deses 8 lotes atópase o lote 6, pavimentación de viais no núcleo de Pedregal.

A Xunta de Goberno local do 30.01.2020, aprobou a clasificación, por orde decrecente de puntuación, das empresas participantes e declaradas admitidas no procedemento de licitación do lote 6 do POS 2019, pavimentación de viais no núcleo do Pedregal, resultando clasificada en primeiro lugar, a empresa Martínez Montes E Hijos SL, con CIF B-15025372.

Na mesma Xunta de Goberno local do 30.01.2020, aprobouse a exclusión do procedemento de licitación de pavimentación de viais no núcleo de Pedregal, das empresas SYR-AMG SL,

Excavaciones Pose SL e Nexia Infraestructuras SLU, por non xustificar as súas ofertas económicas que estaban consideradas como anormalmente baixas.

A empresa clasificada en primeiro lugar, Martínez Montes e Hijos SL, foi requirida para a presentación de documentación previa á adxudicación, sendo achegada a mesma no prazo conferido ao efecto, ao través da Plataforma de Contratación do Estado.

A Mesa de contratación na súa reunión do 19.02.2020, valorou positivamente a documentación presentada, propoñendo a Martínez Montes e Hijos SL, con CIF B-15025372 para a adxudicación do lote 6 pavimentación de viais no núcleo de Pedregal, POS 2019.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (Informe 58/2020).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Adxudicar a realización das obras do lote 6 pavimentación de viais no núcleo de Pedregal, das obras de pavimentación de camiños e viais **municipais incluídas no POS 2019, á empresa Martínez Montes e Hijos SL, con CIF B-15025372**, e nas seguintes condicións:

4. **A.- O importe da oferta** do dito licitador ascende á contía de trinta e cinco mil catrocentos euros (**35.400 .- €**).
5. **B.- IVE repercutible:** A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de sete mil catrocentos trinta e catro euros (**7.434 .- €**).
6. **C.- Duración do contrato:** A duración inicial do contrato será de 6 Meses, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

D.- Nomear como director facultativo da obra ao arquitecto redactor do proxecto [REDACTED], e como **coordinador de seguridade e saúde** ao técnico superior en prevención de riscos laborais [REDACTED], ambos de **Estudio Técnico Gallego SA**.

E.- Representante do órgano xestor: [REDACTED], arquitecta técnica do departamento de urbanismo do Concello, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 36 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018).

F.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Terceiro. Notificar aos interesados este acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O acordo pon fin á vía administrativa e pode ser recorrido:

1 Potestativamente en reposición ante o mesmo órgano, no prazo de 1 mes dende a notificación do acordo, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se se opta pola interposición do recurso potestativo de reposición deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que teña recaída resolución en dito prazo entenderase desestimado, e poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación de dita resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

2 Directamente ante a vía contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo, na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso-administrativa (Lei 29/1998, do 13 de xullo).

3 Interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Quinto. Facultar ao alcalde de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO QUINTO. APROBACIÓN PREZO PÚBLICO CURSO HORTA SOSTIBLE.

Expediente: 2020/X999/000094.

Dende a Concellería de Transición Ecolóxica, Medio Rural e Turismo propónse a posta en marcha dunha iniciativa que consiste nun curso de Horta Sostible, xustificando a importancia da formación, educación e difusión dos valores ambientais, como unha das ferramentas chave para acadar os obxectivos propostos, no marco das actuais estratexias de ámbito nacional e internacional, plans, axendas e proxectos encamiñados cara a acadar un sistema socio-económico sostible e á mitigación dos efectos do cambio climático.

O Curso de Horta Sostible, enmárcase dentro do programa de Educación Ambiental que o Concello de Ames dinamiza a través da Aula da Natureza, e pretende dar unha formación nos conceptos da produción sostible propia, capaz de garantir unha dieta saudable e afastada de produtos químicos, fronte á opción da agricultura convencional, que somete os produtos a procesos de cultivo e crecemento acelerados sen ter en conta a estacionalidade dos mesmos.

O curso ofrece unha formación con contidos teóricos e prácticos a desenvolver en aula, horta ao aire libre e invernadoiro, e permitirá aos asistentes adquirir as nocións básicas do desenvolvemento dos traballos que require anualmente unha horta cun manexo sostible, ao tempo de achegar novas perspectivas de vida no sector do agro e no rural, especialmente entre os asistentes máis novos.

A duración e estrutura do curso está prevista en 6 sesións, de 4 horas de duración cada unha.

A ordenanza reguladora do prezo público por servizos culturais e deportivos do Concello de Ames (ordenanza reguladora de prezos públicos núm.2) establece que:

Art. 6: No suposto de que o servizo ou actividade a prestar polo Concello, non se encontre tarifada na presente ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das tarifas, délegase na Xunta de Goberno Local, conforme aos artigos 47 do TRLRFL, e 23.2b) da LRBRL, o establecemento da tarifa ou a súa actualización, a proposta do servizo técnico correspondente previo informe da intervención municipal.

O estudo de custos da actividade proposta é o seguinte:

	Materiais e ferramentas	Profesorado (24 horas a 71,87 euros hora)	TOTAL
Gastos previstos	543,50 euros	1.725 euros	2.268,50 euros
Ingresos previstos	(20 euros/alumno x 30 alumnos/as estimados)		600, 00 euros
Déficit previsto			1668,50 euros

O Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, con respecto o prezo público estable que os concellos poderán establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal o importe dos prezos públicos será como mínimo o custo do servizo pola prestación do servizo ou da actividade practicada. Sinala así mesmo que, excepcionalmente e por motivos sociais, benéficos, culturais ou de interese público pódense fixar prezos públicos por baixo do límite de custo.

O déficit previsto que ascendería a 1.668,50 euros sería asumido polo concello con cargo a aplicación 1729.22609 do orzamento municipal en vigor.

Figura dilixencia da Intervención Municipal, de intervido e conforme, emitida aos efectos do establecido no artigo 11 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, e o recollido nas bases 34^a e seguintes das bases de execución do orzamento municipal.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno local, tendo en conta o interese municipal no desenvolvemento deste curso, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar o **prezo público do Curso de Horta sostible** do Concello de Ames, que permanecerá en vigor para sucesivas convocatorias, ata a súa modificación ou derogación expresa: Tarifa/curso/alumno: 20 euros.

Segundo. Publicar un anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP, como na páxina web do concello e nas dependencias do servizo que organice a actividade. O anuncio permanecerá exposto dende o día seguinte ao da adopción do presente acordo ata que a actividade teña rematado.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados.

Cuarto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás doce horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo